

Política de Calidade

A política de calidade do centro deriva da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade non ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para acadar a satisfacción das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e ou seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran. Para iso existe o compromiso en empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e directrices fixados. Así se establecen as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do Centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Acadar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos con especial relevancia daqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.
- Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dous sistemas e procesos a ela vinculados.
- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e as súas titulacións.
- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- Conseguir un compromiso permanente de mellora continua como norma de conduta, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade

Obxectivos de Calidade do Centro

Procesos/ Procedementos	Obxectivos	Indicadores (incluídos no panel do SGIC)	Meta Grao en Dereito	Meta PCEO*	Meta Máster Avogacía
I. AC- Xestión académica <i>AC-0104 Accesos e admisión</i> <i>AC-0201 Matricula</i> <i>AC-0401 Expedición de títulos oficiais</i> DO- Docencia <i>DO-0202 Promoción das titulacións</i>	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade.	Evolución do estudiantado matriculado en cada curso	Cubrir o número de prazas	Cubrir o número de prazas	Cubrir o mínimo de prazas
		Taxa de ocupación	≥ 100%	≥ 100%	≥ 66%
	Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido.	Taxa de preferencia	≥ 100%	≥ 100%	≥ 100%
		Taxa de adecuación	≥ 70%	≥ 70%	≥ 70%
	Captar un volume de estudiantado axustado á oferta de prazas .	Nota mínima de acceso do estudiantado ás titulacións**	≥ 5.5	≥ 7	≥ 5.5
Difundir a oferta formativa.					
II. DO- Docencia <i>DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensina</i>	Mellorar a planificación e desenvolvemento da titulación	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3/5	≥ 3/5	≥ 3/5
		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3.5/5	≥ 3.5/5	≥ 3.5/5
		Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3/5	≥ 3/5	≥ 3.5/5
	Mellorar os resultados académicos das titulacións	Duración media dos estudos	≤ 5/4	≤ 6/5	≤ 2/2
		Taxa de rendemento	≥ 65%	≥ 70%	≥ 90%
		Taxa de abandono	≤ 15%	≤ 10%	≤ 10%
		Taxa de eficiencia	≥ 90%	≥ 90%	≥ 90%
		Taxa de graduación	≥ 50%	≥ 60%	≥ 90%
		Taxa de éxito	≥ 80%	≥ 80%	≥ 90%
		Taxa de avaliación	≥ 80%	≥ 85%	≥ 90%
III. DO- Docencia <i>DO1- Xestión dos programas formativos</i>	Xestionar de forma efectiva os programas formativos	Seguimento das titulacións	Obter informes de seguimento positivos		
		Acreditación das titulacións	Renovar a acreditación das titulacións do centro		
IV. PE- Xestión de persoal <i>PE01- Xestión do PAS</i> <i>PE02- Xestión do PDI</i>	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS	Cualificación do PDI	≥ 25 doutores	≥ 20 doutores	≥ 15 doutores
		Resultados de investigación de carácter académico	≥ 50 sexenios	≥ 40 sexenios	≥ 30 sexenios
		% de PAS en prog . de formación	≥ 75%		
V. MC- Xestión da Calidade e Mellora Continua <i>MC05 Satisfacción das usuarias e usuarios</i>	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese.	Grao de satisfacción das persoas tituladas	≥ 3/5	≥ 3/5	≥ 3/5
		Grao de satisfacción das entidades empregadoras	≥ 3/5	≥ 3/5	≥ 3/5
		Grao de satisfacción de profesorado	≥ 3.5/5	≥ 3.5/5	≥ 3.5/5
		Grao de satisfacción do alumnado	≥ 3/5	≥ 3/5	≥ 3.5/5
VI. DE- Dirección Estratéxica <i>DE02- Seguimento e medición</i>	Certificación da implantación do sistema de calidade do centro	Certificación da implantación de sistemas de calidade.	Renovar a certificación do SGIC		

* As metas para o PCEO apreciaranse en función de que existan e se proporcionen ao centro, pola área de calidade, datos discriminados respecto do Grao en Dereito. Nos casos en que tales datos non se proporcionen, aplicaranse ao PCEO as mesmas metas que ao Grao en Dereito, na medida en que corresponda facelo.